



Confederación Intersindical Galega

OS TRABALHADOR@S DO CONCELHO DE XINZO CONCEDEN UN RESULTADO HISTÓRICO PRA CIG

16 anos despois a CIG non só revalida a súa maioría, senón que obtén case a totalidade dos delegad@s do Comité de Empresa

8 DELEGAD@S: CIG (88%), 1 DELEGAD@: CCOO (12%)

O venres, 15 de Maio do 2015, os traballadores e traballadoras municipais vides de darnos/darvos umha vitoria histórica nas eleccións sindicais. De cada 10 votos 8,8 foron pra CIG (68 votos); obtendo 8 representantes de 9 elixíbeis. CCOO (14 votos), 1 representante.

Grazas aos votantes e afiliados/as, porque tenhen o 1/68 de culpa neste éxito !

Grazas aos membros da Sección Sindical da CIG, pola súa total entrega a este proxecto e pola súa confianza nas persoas que dirixen o sindicato na zona !

Grazas aos traballadores/as do Conservatorio, por seren, ademais de excelentes músicos/as, inmelhorábeis compañeiros/as !

Grazas aos traballadores/as da Brigada (ou Brigadas) por configurar a espinha dorsal da CIG no Concelho desde no ano 99 conseguimos formalizar esta sociedade que, agora, é xa amizade !

Grazas aos traballadores/as da Casa do Concelho, da Casa da Cultura e do Pavilhón de Deportes, por saber soportar a máxima presión, coa máxima dignidade e coa máxima coherencia !

Grazas ás operarias de Axuda no Fogar, da Limpeza e dos Colexios, porque, aínda que son as que piores condicións laborais tenhen de todos e todas, como formiguinhas sempre saben estar cando hai que estar pra pór o seu importante grau de area !

Grazas aos gaiteiros e profesores de gaita e percusión, por ter a melhor Banda de Gaitas do País, e por ser compañeiros dos seus compañeiros/as !

Grazas, en definitiva, a maioría dos traballadores/as do Concelho de Xinzo de Limia pola vosa forza nestes últimos e difíceis 4 anos !

Pros que presionaron aos seus compañeiros/as, pros que nos insultaron por medio de panfletos, pros que pactaron e tragaron con todo o que nos querían impor, pros aproveitados/as que se benefician do traballo do conxunto pra si..Pra ises.....MASTERCARD !!!

PROCURAREMOS ESTAR Á VOSA ALTURA !!!

www.cig-verin.gal